



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O DESENVOLVEMENTO DA
CÁTEDRA INSTITUCIONAL DE HIDROLOXÍA MÉDICA DA USC**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Universidade de Santiago de Compostela o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a o día seguinte ao da súa sinatura e manterá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto regular as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela para o axeitado desenvolvemento das actividades da cátedra institucional en Hidroloxía Médica.

As actividades desta cátedra estarán dirixidas ao seguinte:

- a) A realización de cursos, seminarios, conferencias e cantas actividades académicas redunden na difusión, o coñecemento e a práctica da Hidroloxía Médica que permita aos alumnos obter uns coñecementos básicos sobre as características das augas mineiro medicinais e as súas aplicacións terapéuticas.
- b) A promoción e organización de as actividades académicas que contribúan á facilitar a reflexión e o debate médico entre profesores e médicos de balnearios, co fin de acadar o seu mutuo enriquecemento intelectual e a mellora da súa formación médica e universitaria.
- c) Promover a investigación no campo da Hidroloxía Médica
- d) Favorecer a difusión e o coñecemento das investigacións realizadas mediante publicacións e outras accións de comunicación.





Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia apoia as iniciativas conducentes á formación de profesionais de alto nivel para a dirección e a planificación de actividades, empresas e entidades turísticas, e a formación de expertos que orienten a súa carreira profesional ao ámbito da investigación nesta área, por considerar que o turismo e en concreto o turismo termal é un sector clave no desenvolvemento económico e social de Galicia.

Segundo.- A cátedra institucional de hidroloxía médica foi creada mediante convenio celebrado o 30 de novembro de 2009 entre a USC e a Asociación Galega da Propiedade Balnearia coa finalidade de fomentar a docencia, a investigación e a difusión dos coñecementos no campo da hidroloxía médica

Terceiro.- A Axencia Turismo de Galicia, consciente da importancia desta oferta educativa superior e do esforzo, tamén económico, que supón o desenvolvemento con altos niveis de calidade, acorda apoiar mediante unha axuda directa ao desenvolvemento da Cátedra institucional de Hidroloxía Médica da USC.

Que a través deste convenio, outórgase á Universidade de Santiago de Compostela unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
Axencia Turismo de Galicia



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

